

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de XANEIRO de 2013**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 25 de xaneiro de 2013, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/12 do 21 de decembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.401 á nº 22.642 de 2012 e da nº 1 á 600 de 2013.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

3.-Aprobación definitiva da desafectación da superficie de 578,60 m² sobrantes ao modificarse o trazado da EP 5004 como consecuencia da execución das obras contidas no proxecto complementario do proxecto de pavimentación con MAC en DP 5004 Casal de Arriba á Feira do Tres PQ 5,34-9,46 (Miño) e permutar con Adolfo Bonome Pena e Enrique Bonome Rivas, a parcela sobrante cunha superficie de 578,60 m²- resultado da modificación de trazado da DP 5004 como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto, adquirindo a Deputación unha parcela cunha superficie de 578,93 m² segundo plano que figura no expediente.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

4.-Toma de coñecemento da fiscalización a posteriori dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2011.

5.-Aceptación da delegación de competencias en materia tributaria do Concello de Ames.

6.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Zas, recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

7.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Zas en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

8.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello das Pontes en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

9.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Ames en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

10.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Negreira en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

11.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Fogar Español de Montevideo, da República oriental do Uruguai, para o financiamento dos gastos de funcionamento do seu Fogar de acollida.

12.-Informe da Tesourería sobre a xestión recadatoria do exercicio 2012.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre as participacións preferentes e débeda subordinada.

-Moción do Grupo Popular sobre arbitrase de consumo e canxe de participación preferentes e obrigas subordinadas.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE XANEIRO DE 2013

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de xaneiro de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE

DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 12/12 DO 21 DE DECEMBRO.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Comezamos co primeiro punto, a aprobación da acta, que teñen os portavoces dos distintos Grupos unhas correccións materiais que había na acta, por tanto, estaríamos a falar de aprobar a acta incorporadas as correccións que se lles pasaron aos portavoces.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión anterior nº 12/12 de 21 de decembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 20.401 Á Nº 22.642 DE 2012 E DA Nº 1 Á 600 DE 2013.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.401 á nº 22.642, de 2012 e da nº 1 á 600, de 2013.

3.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA DESAFECTACIÓN DA SUPERFICIE DE 578,60 M² SOBANTES AO MODIFICARSE O TRAZADO DA EP 5004 COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON MAC EN DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PQ 5,34-9,46 (MIÑO) E PERMUTAR CON ADOLFO BONOME PENA E ENRIQUE BONOME RIVAS, A PARCELA SOBANTE CUNHA SUPERFICIE DE 578,60 M² RESULTADO DA MODIFICACIÓN DE TRAZADO DA DP 5004 COMO CONSECUENCIA DO CAMBIO DE TRAZADO QUE SUPUXO A

EXECUCIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO, ADQUIRINDO A DEPUTACIÓN UNHA PARCELA CUNHA SUPERFICIE DE 578,93 M² SEGUNDO PLANO QUE FIGURA NO EXPEDIENTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1. Aprobar definitivamente a desafectación da superficie de 578,60 m² sobrantes ao modificarse o trazado da EP 5004 como consecuencia da execución das obras contidas no proxecto COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON MAC EN DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PK 5,34-9,46 (MIÑO).
2. Recibir e incorporar ao inventario de bens, co carácter de patrimonial, do citado tramo.
3. Permutar con ADOLFO BONOME PENA E ENRIQUE BONOME RIVAS, a parcela sobrante cunha superficie de 578,60 m² (segundo plano que figura no expediente co número 5 e cor marrón) resultado da modificación de trazado da DP 5004 como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto de COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON MAC EN DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PK 5,34-9,46 (MIÑO), pola achega de 578,93 m² (segundo plano que figura no expediente co número 3 e cor azul) realizado por ADOLFO BONOME PENA E ENRIQUE BONOME RIVAS.
4. A referida permuta non suporá a achega de cantidade de diñeiro ningún por parte desta Deputación provincial.”

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EJERCICIO 2011.

A Corporación toma coñecemento do seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior dos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2011, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 33 das de execución do Orzamento para o exercicio 2011 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúen que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación.”

5.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA DO CONCELLO DE AMES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Ames en relación coas seguintes materias:

1. Xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre bens inmobles, tanto de natureza rústica como urbana, ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.
2. Xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo co establecido no artigo 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer coa devandita administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.
3. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, salvo que o impidan compromisos ineludibles adquiridos polo concello ou este xestione o tributo directamente e non desexe delegalo.
4. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
5. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións e interese xeral, tanto o suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.
6. Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón:
 - 6.1 Taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
 - 6.2 Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
 - 6.3 Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

7. Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.
8. Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.
9. A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materias de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmobles.

A delegación entrará en vigor unha vez sexan publicados no Boletín Oficial da Provincia tanto a elevación a definitivo do acordo municipal como a aceptación polo Pleno da Deputación Provincial.”

6.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE ZAS, RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN POR INFRACCIÓN DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Zas en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

7.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE ZAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS CURSADAS POLO CONCELLO POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrucción dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo CONCELLO DE ZAS”.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

8.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DAS PONTES EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS CURSADAS POLO CONCELLO POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrucción dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo CONCELLO DAS PONTES”.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

9.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE AMES EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS CURSADAS POLO CONCELLO POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrucción dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre

tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo CONCELLO DE AMES”.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

10.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE NEGREIRA EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS CURSADAS POLO CONCELLO POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrucción dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo CONCELLO DE NEGREIRA”.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

11.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA

..... de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. BENITO GRANDE QUINTANA, presidente do *HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO*, da República Oriental do Uruguai.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están alonxados da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

O *Hogar Español de Montevideo* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender a anciáns e desamparados de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre as súas fins está asilar ás persoas anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galego, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, da República Oriental do Uruguai (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento dos gastos de funcionamento do seu fogar de acollida, sito en Avda. Instrucciones 981, de Montevideo – Uruguai, durante o período comprendido entre o 1.08.2012 e o 31.12.2012.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a 61.453,84 €, o seu equivalente en pesos uruguaios, e o seu detalle é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Enfermería (osíxeno, guantes e outros consumibles)	1.671,15 €
Alimentación	15.953,85 €
Limpeza (útiles e material)	3.780,77 €
Persoal mantemento	2.115,38 €
Cueiros xeriátricos	5.961,54 €
Gas	19.230,77 €
Enerxía eléctrica	5.769,23 €
Servizo de seguridade	3.826,92 €
Servizo de vixilancia	2.153,85 €
Telefonía	990,38 €
TOTAL	61.453,84 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colaborará no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 40.000,00 €, que equivale ao 65,09 % de coeficiente de financiamento. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (65,09 %) das cantidades efectivamente xustificadas. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0103/232C/481, do orzamento xeral para o 2013, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que a suma destas non exceda do importe dos gastos xustificadas.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a subministración de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os métodos contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1.08.2012 e o 31.12.2012.
2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de agosto do 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2013.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 30 de abril do 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder

do 31 de outubro do 2013. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do 25 de xaneiro do dous mil trece.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DO HOGAR ESPAÑOL DE
MONTEVIDEO

DIEGO CALVO POUSO

BENITO GRANDE QUINTANA

2º.- Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

12.-INFORME DA TESOURERÍA SOBRE A XESTIÓN RECADATORIA DO EXERCICIO 2012.

A Corporación toma coñecemento do informe sobre os resultados da xestión recadatoria do exercicio 2012.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E DÉBEDA SUBORDINADA.

-MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE ARBITRAXE DE CONSUMO E CANXE DE PARTICIPACIÓN PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

As mocións, se lles parece aos portavoces do Bloque Nacionalista Galego, que presentou unha moción, e tamén ao portavoz do Grupo Popular, facemos un debate conxunto, aínda que despois se teñan que votar por separado, e paréceme que se presentou outra, que temos que votar a urxencia, que a votamos a continuación deste debate.

Sr. Regueira Varela

Bos días, o Real decreto-lei do 24 de 2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución das entidades de crédito, supón de facto a legalización da estafa das participacións preferentes, na que foron vítimas miles de persoas subscritoras, en moitos casos pequenas e pequenos aforradores, deste produto financeiro. Con este decreto legalízase unha dupla expropiación, a que sufrirán os contribuíntes, que terán que custear o saneamento dos activos da banca privada, e a que sufrirán decenas de miles de pequenos aforradores, vítimas da estafa masiva, e subliño e recalco, estafa, porque a estafa é un delito, a estafa das participacións preferentes e obrigas subordinadas. Os activos tóxicos xestionaralos o FROB, á conta de seguir engordando a débeda pública, e ás vítimas do engano impónselles unha quita, nin máis nin menos, que ata do 70% do valor inicial das súas participacións, isto para o BNG é unha auténtica expropiación, un saqueo do diñeiro dos contribuíntes, un saqueo das pequenas e pequenos aforradores para que sexan eles, ao fin e ao cabo, os pagáns das operacións especulativas e usureiras dunha banca que foi a principal causante da terrible dor que está a causar esta crise económica na nosa sociedade, e faise a través dun estado de excepción económico, outorgándolle ao novo FROB un status por enriba da legalidade ordinaria, á marxe dos controis parlamentarios e mesmo xudiciais ordinarios. O FROB poderá mesmo, a raíz do Real decreto, intervenir e liquidar as entidades que considera oportunas ao seu arbitrio, aínda que cumpran os cocientes de solvencia. O obxectivo

para nós está claro, crear un oligopolio financeiro, que se reparta o botín, o de botín nunca mellor dito, do noso aforro, á vez que se liquida, definitivamente, entre outros, o sector financeiro galego. En poucas palabras, o espolio do noso aforro.

Profundando no caso dos estafados e das estafadas polas preferentes, créase un estado de excepción xurídico que deixa en total desprotección ás vítimas. O Banco de España e o FROB poden alegar causas económicas para impedir a execución das sentenzas favorables dos demandantes, é dicir, o goberno, co Real decreto ponse ao lado dos estafadores e conculca mesmo principios constitucionais para perpetrar o atropelo. A obrigación do Estado tiña que ser protexer os aforradores, vítimas dun engano masivo, deliberado e con dolo, realizado por unhas entidades que non cumpriron coas normas establecidas para a venda a particulares deste tipo de produtos, non cumpriron en moitos casos coa normativa básica de contratos, e ademais estiveron a xestionar eses produtos totalmente fóra da legalidade. Enganaron de palabra, enganaron, nalgúns casos, por escrito, e mesmo abusaron da confianza depositada polos aforradores e aforradoras, nos empregados e as empregadas das oficinas. Pois ben, unha vez máis, o goberno penaliza ás vítimas. En fin, esta medida inscríbese na liña de usar os aforradores e aforradoras como unha fonte de recursos para seguir saneando unha banca endebedada ata o inimaxinable, o 135% do PIB, e non só fan esa contribución directamente, senón que tamén son os que manteñen en pé esa mesma banca cos seus depósitos, e ademais os que seguirán mantendo esa banca a través dos seus impostos, como o resto dos contribuíntes, para seguir financiando os fondos de rescate a esa mesma banca, con elevadísimos xuros de débeda pública, que van parar aos especuladores do cupón dos bonos de débeda.

Conclusión, unha medida máis para seguir favorecendo aos que fan negocios operando nos mercados con produtos financeiros especulativos, á conta de toda a xente que produce bens e servizos e que xeran rendas modestas a partir do aforro do seu traballo. Castígase ás vítimas e déixase libre de toda culpa aos especuladores. Nós cremos que os gobernos e as leis están xustamente para o contrario, para defender as vítimas.

Por todo isto, o Grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte acordo:

1º.-Instar á Xunta de Galicia a apoiar as xustas reivindicacións das persoas afectadas polas participacións preferentes e débeda subordinada, adoptando as medidas necesarias para a recuperación inmediata dos investimentos realizados polas persoas aforradoras afectadas pola subscrición, sen quita de ningunha especie.

2º.-Solicitar á Xunta de Galicia a que inste o Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores inicien unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras desas participacións preferentes e outros instrumentos financeiros opacos e complexos, entre as persoas aforradoras, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades penais a que houbese lugar.

Como ven, na parte resolutiva autofixémonos unha emenda onde suprimimos a frase, investidores minoristas.

Sr. Ruiz Rivas

Sr. Presidente, señorías. Eu creo que ao longo destes últimos meses, tanto as administracións públicas, institucións como a que hoxe coa nosa presenza defendemos, que é a institución provincial, como desde as institucións locais, todos os partidos políticos, todas estas institucións, estamos a facer importantes esforzos para chegar a acordos nun tema que eu creo que nestes momentos motiva a preocupación de moitos galegos, e motiva a preocupación de todos os que temos a obrigaón de defender a eses galegos.

Saben que durante moitos anos estivo no mercado uns produtos que quizá nunca deberon de chegar aí, e con eses produtos fixéronse cantidade de cuestións que non se debían facer, resumindo, eu creo que multitude de galegos foron enganados na súa boa fe, aforradores de toda a súa vida foron enganados na súa boa fe, e hoxe en día piden a nosa comprensión e piden o noso apoio. Esa é a intención, precisamente, que a moción que presenta o Grupo Popular tenta traer a esta Cámara, que todos sexamos capaces de pornos de acordo, que todos sexamos capaces de pornos de acordo como xa nos puxemos nalgúns concellos, como nos puxemos de acordo en comarcas concretas como O Barbanza, e seguiremonos pondo de acordo, que nos poñamos de acordo como foron capaces de estar a chegar a ese entendemento a comarcas tan importantes como a da Costa da Morte, e esa é a pretensión da nosa moción, que unha vez máis se poida dar ese acordo. Por iso nós o que pretendemos é pornos ao lado dos afectados, dicir que estamos con eles, e que somos conscientes de que foron vítimas dun engano, pero á vez tamén temos que ser conscientes de onde pode estar a solución, e non facer brindes ao sol, ás veces, buscando a solución onde non pode estar.

A Xunta de Galicia creo que dentro da marxe das súas competencias, non ten competencias no sector financeiro, fixo todos os esforzos e vai seguir facendo os esforzos necesarios para que todos estes aforradores poidan recuperar ese diñeiro tan necesario para eles. Para iso tomou medidas novas no ámbito do Estado, como foi a arbitrase, que solucionou o problema.....

Sr. Presidente

Mire, igual que escoitamos atentamente ao portavoz do Bloque, pídlles que escoiten atentamente aos portavoces do resto dos grupos, absténdose, como di o Regulamento desta Cámara, de facer calquera tipo de manifestación, non hai ningún problema en que se aplauda, non hai ningún problema, pero pídlles por favor que permitan o debate. Moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Dicía que a mediación foi un medio para que 12.000 galegos puidesen solucionar o seu problema, pero teñen que ser moitos máis, teñen que ser todos aqueles que están nas mesmas circunstancias que eses galegos que grazas á mediación puideron solucionar ese grave problema. Tanto é así que outras comunidades tentan facer o mesmo que Galicia, pero tamén é certo que nestes momentos ese proceso está retardado, é certo tamén que hai moitas persoas que seguen esperando que a mediación sexa esa solución, por iso un dos puntos que nós traemos na nosa moción é seguir apostando como un dos medios para solucionar o problema, a mediación, que o que se faga é o esforzo de que se amplíen eses medios humanos e materiais que faga posible que todos aqueles que teñan a característica de aforrador poidan ser tratados como xa foron tratados eses 12.000 galegos, e por outra banda nós o que queremos é que se tomen as medidas apropiadas para que non haxa quitas, medidas que parten desde instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á propia Comisión Europea para que esas persoas que teñen participacións preferentes e obrigacións subordinadas non teñan que sufrir quitas. Por iso nós pensamos que hai que ir á raíz do problema e a quen ten a solución.

Non creo, porque no noso ánimo, volvo repetir, está buscar acordos e consensos con todos os grupos, pero tamén teño que facer constar, e quen queira que vexa as mocións, que aquí se falou, antes de que este portavoz puidese ter o uso da palabra, moito do Goberno galego, moito do Goberno español, e con todo na proposta de resolución a ninguén se lle pide precisamente a solución, ao Goberno de España, si para que faga, nin máis nin menos, unha campaña de inspección sobre a comercialización que se lles deu ás preferentes, e que se hai algunha persoa que tivese responsabilidade, que se lle depure. Nós neste punto estamos absolutamente de acordo, pero cando se lle botou a culpa tanto a estes gobernos, e despois non se lle pide precisamente a solución, ou se lle pide a solución de todos os males a unha administración, que é a Xunta de Galicia, que non ten a competencia, nós cando menos dubidamos que esa sexa a solución máis adecuada para os males de tantos e tantos galegos que están a sufrir iso.

Por iso, nós unha vez máis, ante esa cámara, ofrecemos a mesma moción que se acordou noutros concellos, a mesma moción engadindo ese punto de que se hai responsabilidades, que se depuren, esa é nin máis nin menos a posición do noso Grupo, que resumo no que antes lle dicía: que se axilice e se reforce o sistema de arbitraje de forma xenérica, que se lle dea solución a todos e cada un dos que o presentaron nas mesmas condicións que se deron, que se busquen as solucións legais oportunas para que non haxa quitas á hora de solucionar o problema, que haxa unha inmediatez tamén na liquidez para todos estes aforradores, e que esta mesma moción poida ser apoiada e seguida pola FEGAMP, como órgano que representa a todas as institucións locais. Nada máis, grazas presidente.

Por certo, perdón, por certo, o Goberno en Madrid, xunto co que é o Grupo maioritario da Cámara, crearon unha Comisión precisamente para buscar unha solución entre os dous Grupos maioritarios que representan os cidadáns deste país que se chama

España, para buscar unha solución conxunta que implique non ter ningún tipo de quita. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, bos días. É un feito notorio e palmario, coñecido xa por todos, de que houbo malas prácticas na comercialización das preferentes por parte das entidades financeiras, e hoxe miles de galegos, e miles de coruñeses ven, sen sabelo, e traizoando a súa confianza depositada nas entidades financeiras e nos seus empregados, como os aforros de toda unha vida están metidos nuns produtos financeiros que descoñecían, cando pensaban que eses aforros estaban nuns depósitos do banco. Este é un problema que é real, que o coñecemos todos, e que todos debemos de buscar unha solución. A posición do Partido Socialista, expresada no Congreso dos Deputados, expresada no Parlamento de Galicia e expresada en moitos concellos, é clara e rotunda, defendemos os pequenos aforradores, e téñenlles que devolver o seu diñeiro.

E entrando xa na análise concreta das dúas mocións, anunciamos que imos votar favorablemente a moción do Bloque Nacionalista Galego, pero suxerímoslle que supriman dúas palabras, que xa foron suprimidas da lectura que fixo da moción o Sr. portavoz, suprimir no parágrafo primeiro a palabra "...e investidores minoristas", porque entendemos que temos que concentrar os nosos esforzos en defender os aforradores, os pequenos aforradores, porque os investidores minoristas xa están defendidos pola normativa MIFIT, que entrou en vigor en novembro do ano 2007 e que tería que ser de obrigado cumprimento para as entidades financeiras cando comercializaron estes produtos, unha directiva sobre mercados e instrumentos financeiros que obriga ás entidades financeiras, ou obrigaba ás entidades financeiras, a clasificar os clientes en función do seu coñecemento e experiencia, da súa situación financeira e obxectivos de investimento para valorar a súa idoneidade para que subscribisen este tipo de produtos, é notorio e palmario que isto non se fixo, non se valorou a experiencia, non tiñan experiencia en investimentos financeiros, non se valorou o seu coñecemento, descoñecían absolutamente este tipo de produtos, e foron obrigados, enganados, ou incentivados a compralos cando pensaban que estaban a pór os seus aforros nun depósito.

Valoramos tamén o segundo punto, e votaremos a favor sobre que se faga unha inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras, porque o problema non son as preferentes, as preferentes son un produto financeiro que existe en todos os países europeos, que emitiron entidades financeiras, todas as entidades financeiras españolas, grandes grupos empresariais e industriais, o problema está na comercialización, e se quen vendeu as preferentes se informa e se preocupase por saber se as persoas que estaban a subscribir ese tipo de produto financeiro entendían o que estaban a facer, o 80 ou o 70% de quen están atrapados neste problema, non estarían, non estarían atrapados porque era obrigación de quen venderon as preferentes lerlles o folleto explicativo onde di que toda decisión de investir nos valores debe de estar baseada na consideración do folleto no seu conxunto por parte do investidor, é dicir, había que explicarlle ao investidor as condicións, e nese folleto di que os investimentos

en participacións preferentes está suxeita a riscos específicos que se resumen a continuación, e dio claramente, e quen vendeu tiña que explicalo, porque se o fixera, posiblemente non ocorrese o que ocorreu. Di que é un produto complexo, e de carácter perpetuo, di que non constitúe un depósito e que os fondos non están garantidos polo fondo de garantía de depósitos, di que o obxectivo preferente non outorga a participación preferente, non significa que os seus titulares teñan a condición de acredores privilexiados, e vai explicando todos os riscos. Por tanto, considero que é bo que se abra unha comisión de investigación para saber como se comercializaron e se esixan as responsabilidades, entre outras cousas, porque se se sabe quen vendeu e a quen vendeu, pódese resolver facilmente este produto, porque quen vendeu sabe se a quen vendeu debería de venderlle iso ou non.

Con respecto á posición, á moción do Partido Popular, entendemos que hai unha certa contradición entre a exposición de motivos e os puntos concretos do acordo, porque na exposición de motivos di que fai unha defensa do esforzo da Xunta de Galicia para que a arbitrase de consumo permitise unha solución rápida, áxil e gratuíta daqueles clientes que foron vítimas dunha comercialización inadecuada, e segue dicindo “consideramos que as persoas que teñen participacións preferentes ou obrigacións subordinadas, non poden sufrir quitas respecto do nominal dos seus títulos, neste sentido sería desexable que o Ministerio de Economía e Competitividade, intercedese ante as autoridades comunitarias para que non se producisen tales quitas”, e isto é o que di a exposición de motivos, pero cando imos aos acordos non se plasma nos acordos o que se pon na exposición de motivos, nós estaríamos dispostos a votar a moción do Grupo Popular se acepta varias emendas que propomos “in voce”.

No punto primeiro, suprimir todo o parágrafo que di “...en todos aqueles casos que cumpran con condicións similares, ou xa resoltos, é dicir, todos aqueles casos cuxos perfís foron tidos en conta ata o momento actual”, é suprimir ese parágrafo e substituílo por outro que diga, a partir de “...a resolución definitiva de todas elas” engadir: “para iso é necesario e así o solicitamos á Xunta de Galicia, o incremento do número de árbitros, o incremento dos medios humanos e materiais para facilitar a pronta resolución deste problema”.

E no punto dous, do Partido Popular, que tamén é contradictorio coa exposición de motivos, porque na exposición de motivos fala de que non haxa quitas, no punto dous abre a posibilidade de que haxa quitas, entón sería suprimir o que fai referente “... e de ter que soportar quitas que sexan na menor medida posible, e que os cambios poidan ser obxecto da súa realización líquida inmediata”.

Estas dúas emendas que propomos xa foron propostas polo Partido Socialista noutros concellos da provincia, e o Partido Popular aceptounas, e foron votadas creo que por unanimidade. Por tanto, se o Grupo Popular acepta estas emendas de supresión e substitución nun caso, e de supresión no parágrafo segundo, o Grupo Socialista votaría a favor da moción do Grupo Popular porque consideramos que a mellora substancialmente e anuncio se o Bloque retira a palabra pequenos investidores, aínda que non a retire, votaríamos a favor da moción do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Regueira Varela

Evidentemente nós falamos do Goberno galego, eu creo que existe o Goberno galego, entendo que existe, existe e mesmo é responsable directo das arbitraxes no noso país, efectivamente houbo 11.000 arbitraxes neste país, pero faltan 50.000, arbitraxes que merecen as críticas de moitas das plataformas de afectados e afectadas, por reducilas despois de pasadas as eleccións, e polo descoñecemento dos criterios establecidos pola Xunta para dar prioridade ás diferentes solicitudes. En segundo lugar, tamén nos parece unha desvergoña solicitarlle ao Banco de España, ao FROB, ao Ministerio de Economía e Facenda, á Comisión Europea, que reduza as quitas, cando foi o Partido Popular a través do Goberno de España quen impuxo as quitas, as quitas veñen de aceptar a axuda europea para salvar á banca, e esa decisión tomouna o Partido Popular. As unanimidades débense dar no ámbito onde teñen efecto, e ese ámbito é o Parlamento do Estado. Eu creo que a sociedade en xeral e os afectados pola estafa, porque hai unha estafa, detrás da estafa hai uns estafadores, e os estafadores normalmente teñen nome e apelidos, e rostros, e hai que pedir a responsabilidade, pero eu creo que o que a xente necesita agora son compromisos, e cando se necesitan compromisos, existen, o problema actual é que os compromisos sempre benefician, curiosamente, á banca, hai non moito tempo reformouse iso que era tan difícil de reformar, que era a Constitución Española, curiosamente para darlle prioridade á banca para que os concellos lle pagásemos a débeda, é dicir, nun orzamento dun concello a primeira prioridade era pagarlle aos bancos, non vaia ser que o pasen mal, primeira prioridade diante dos cidadáns, das sentenzas dos tribunais, etc., etc., curiosamente eses que fan esa mesma reforma da Constitución fan outra lei, un Real-decreto-lei, e curiosamente nese Real-decreto-lei exímese á banca, sempre que haxa razóns económicas de non pagar aos afectados. Por tanto, evidentemente, hai unha diferenza grande e evidente entre a moción do Partido Popular e a moción do Bloque Nacionalista Galego, eu creo que é o momento do compromiso, eu o que pido é que esas unanimidades, e o que defendemos nas corporacións locais e, neste caso, na Deputación da Coruña, as persoas, os militantes e as militantes do Partido Popular tamén llo esixan ao Goberno no ámbito do Congreso dos Deputados, porque algo haberá que esixir. En todo caso, nós ímonos abster na moción do Partido Popular porque cremos que todos os acordos que se poidan tomar que benefician aos cidadáns afectados polas preferentes son boas, pero tamén cremos que hai que clarificar a sociedade e, sobre todo, dicirlles como se poden solucionar as cousas, e as cousas, a solución das preferentes pasa primeiro por derrogar un Real-decreto-lexislativo que é moi prexudicial para os intereses das persoas estafadas. Moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

En canto ao que son as achegas do Grupo Socialista, nós non temos ningún inconveniente, buscando ese consenso, que á hora de dar unha resolución definitiva de todas as mediacións, que se inste a incrementar os medios materiais e humanos que así o fagan posible, e tamén estamos dispostos no punto segundo a suprimir todo aquilo

que non sexa quitar todo o que sexa diferente a que non teñan que sufrir quitas. Por tanto, esa é a nosa posición, que é a mesma posición que ofreciamos ao resto dos Grupos, porque pensamos sinceramente que a nosa moción dá máis no cravo das institucións e de quen ten que solucionar o problema, que a do Bloque Nacionalista Galego, con todo eu pediríalle ao Bloque Nacionalista Galego que deixe que esta Cámara se poida pronunciar e votar por separado ambos os dous puntos, e por que?, porque o punto segundo é un punto de que se faga unha inspección, de que se hai responsabilidades se depuren, e nós estamos absolutamente de acordo con que se depuren, e con que haxa esa investigación, se hai culpables, que o paguen, pero o punto primeiro é nin máis nin menos o punto que tenta solucionar o problema de todos eses galegos que foron enganados, e despois de tanto falar de que o problema é o Decreto 9/2012, de que o problema é o Goberno español, esquecese, nin máis nin menos, de todos eles, non así a moción que fai o Grupo Popular, porque o Grupo Popular si insta ao Banco de España, si insta ao FROB, si insta o Ministerio de Economía, é dicir Goberno español, si insta á Comisión Europea para que non haxa quitas, con todo a proposta do Bloque Nacionalista Galego, o que di é que a Xunta, que non ten competencias no sistema financeiro, tome todas as medidas necesarias para a recuperación inmediata dos investimentos realizados. A Xunta, por máis que queira, todos sabemos que non ten esas competencias e non podería, a capacidade de intervir no sistema financeiro compete en todo caso, neste Estado, ao seu Goberno. Entón, nós o que non queremos é ir en contra de nada que achegue algo, e pensamos que o punto segundo si achega algo, pero o punto primeiro o que fai, nin máis nin menos, é desviar o problema cara a onde non se pode resolver, e nós pensamos que si estamos acertados onde queremos que nos resolvan o problema, nin máis nin menos, a Xunta na capacidade de intervir nas mediacións, nin máis nin menos o FROB, o Banco de España, o Ministerio de Economía e a Comisión Europea, en todo aquilo que signifiquen acordos que leven implícito quitas para todos os que foron enganados, e aí si está a solución, e por iso nós queremos ir a ese punto, cuestión que non fan as outras mocións que hoxe aquí se presentan.

Por tanto, só fago unha cuestión que queda no aire, porque ás veces hai que tomar decisións, e eu preguntolle a todos vostedes se a solución de todos os afectados estaría moito máis preto de non haber rescate bancario, se a decisión que se ten que tomar por parte do Goberno español, por parte da Unión Europea para facilitar liquidez aos bancos, non facilita precisamente unha solución. Nós pensamos que si, é por iso que nós si que nos acordamos da Comisión e do Goberno do Estado, pero tamén creo que se tiveron que tomar as medidas adecuadas para dar esa solución a todo o conxunto do sistema. Espero que as consideracións que fixen, o ofrecemento que fixen aos Grupos, sexa aceptado por estes, e por tanto solicito esa votación por punto, e acepto os engadidos ou supresións do Partido Socialista. Grazas.

Sr. Presidente

Que é para dicir se está de acordo?, xa lle aceptaron as emendas, aquí os propoñentes ten unha quenda para propor, vostede sitúase sobre as dúas e despois finalizan os propoñentes. Que quere outra quenda de volta?, pois ten vostede a palabra, Sr. Moreda.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, e grazas pola súa xenerosidade. Eu quero agradecerlle ao Partido Popular que aceptase as emendas que presenta o Grupo Socialista porque entendo que reforza a posición do acordo e fai algo que non facía a súa moción, porque na súa moción instaba o Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea, ao FROB e a NovaGalicia Banco, pero non instaba á Xunta de Galicia, e coa modificación que introducimos e que vostedes aproban, ínstate á Xunta de Galicia, solicítase á Xunta de Galicia a que incremente o número de árbitros, os medios materiais e persoais para unha pronta resolución deste problema, e creo que con diferentes palabras, este punto e o do Bloque defendemos máis ou menos o mesmo, hai un problema grande con pequenos aforradores e queremos que se amañe, e queremos reforzar o instrumento que ten a Xunta de Galicia e queremos instar á Xunta de Galicia a que defenda os pequenos aforradores, nós así o entendemos. Por tanto, imos votar que si á proposta do Bloque e imos votar que si ao apartado número un e número dous do Partido Popular coas emendas, porque a emenda que acaba de aceptar do Grupo Socialista xa non fala de quitas, que é o que pide tamén o Bloque no seu primeiro parágrafo, que non haxa ningún tipo de quitas, sen quita de ningunha especie. Entendo que é bo, e estou de acordo tamén no punto do Bloque, eu reforzaríao, de que se abra unha investigación, porque hai un problema de comercialización serio, hai persoas que foron enganadas, ou enganadas ou que non se lles dixo a verdade do que estaban a comprar, e iso ten que ter responsabilidades.

Sr. Regueira Varela

Nos votaremos a favor da nosa moción, e tamén votaremos a favor da moción do Partido Popular, pero por que digo que votaremos a favor da nosa moción e por que é diferente da do Partido Popular?, porque eu insisto, aquí non se trata de confundir aos cidadáns, o Decreto-lei aprobouno un goberno do Partido Popular, na Xunta de Galicia goberna un goberno do Partido Popular, hai que ter coherencia en todas as administracións, e se a Xunta se quere pór ao lado apoiando os estafados, que sexa claro, claro e contundente facéndoo. Doutra banda, non podemos obviar, Sr. Rivas, que a Xunta é a que está a facer as arbitaxes, entón a Xunta ten responsabilidades neste asunto tamén e cada pau ten que cargar coa súa vela, non se pode rezar aquí unha oración e rezar non sei onde todo o contrario, por tanto, eu creo que a sociedade necesita claridade, é xustamente o que non lle estamos dando, estamos a confundir continuamente á sociedade, está a fartarse, e non me estraña.

Por tanto, insisto, a pesar de que eu creo que se modificou substancialmente para ben a súa moción, nós imos votala a favor, porque cremos que defende os intereses

dos estafados e estafadas, pero cremos que a nosa vai moito máis alá, que é o que se precisa agora neste momento.

Sr. Presidente

Un momento, pediríalle dúas cousas, primeiro saber se acepta como pediu o portavoz, a votación por puntos, e en segundo lugar, se pode facer unha lectura de como quedaría finalmente a moción coas emendas que presenta, paréceme que o Grupo Socialista, para tela recollida fielmente.

Sr. Regueira Varela

Nós imos solicitar que se vote a nosa moción na súa totalidade, porque cremos que os dous pasos son fundamentais para resolver o problema, e quedaría da seguinte maneira:

Punto 1.-Instar á Xunta de Galicia a apoiar a xusta reivindicación das persoas afectadas polas participacións preferentes e débeda subordinada, adoptando as medidas necesarias para a recuperación inmediata dos investimentos realizados polas persoas aforradoras afectadas pola subscrición dos devanditos produtos das entidades financeiras, sen quita de ningunha especie.

Punto 2.-Solicitar da Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores inicien unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras desas participacións preferentes e outros instrumentos financeiros opacos e complexos, entre as persoas aforradoras, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades a que houbese lugar.

Sr. Ruiz Rivas

Fixo unhas consideracións o Sr. Moreda que eu creo que tamén hai que precisar, é dicir, a mediación é unha solución a través de árbitros, na que teñen que estar de acordo dúas partes, que ningunha delas é a Xunta de Galicia, ten que estar de acordo o afectado e ten que estar de acordo a entidade bancaria, é por iso que nós á hora de falar directamente de arbitraje non implicabamos no que é a arbitraje directa á Xunta de Galicia, porque depende basicamente do Banco e depende do afectado, pero se a Xunta de Galicia o facilito a través de que os afectados puidesen utilizar con incremento de medios humanos, materiais, ou que foron oficinas de consumo, mesmo nalgúns concellos especificamente incrementáronse ou se crearon esas oficinas para atender os afectados e, por tanto, no contexto que vostede di, nós estamos de acordo con, neste caso, a súa supresión, e engadido tamén no caso de incrementar eses medios materiais e humanos.

En canto á do Bloque, pois volve dicir, e fala do Partido Popular en Galicia, o Partido Popular en Madrid, volve falar do Decreto, e resulta que cando busca solucións non busca a solución no Decreto, entón, digo eu, se o problema é o Decreto e non pide

nada sobre o Decreto, e nós pedimos instar, precisamente, para que se corrixa todas as medidas, que non haxa quitas, e ademais dicimos que llo insten a quen si directamente o pode solucionar, cada un poderá apreciar o que queira, pero se o problema é o Decreto, se o problema son medidas alleas, e tenas que tomar a Xunta, é tanto como pedirlle á Deputación provincial que sexa ela quen solucione o problema das preferentes, é imposible, será moi bonito para os oídos de moita xente que queira escoitar que a solución está aí, pero a solución en todo caso está por outras vías, e a solución está na vía da arbitrase para moita xente porque xa o foi e pódeo seguir sendo, está na vía legal de que se tome calquera outra medida que implique devolución, liquidez, e non quitas, e se iso llo pedimos ás administracións que non teñen a competencia ou a posibilidade de solucionalo, poderemos recibir moitos parabéns, moitos aplausos, pero non estamos a dar coa solución do problema. Eu o que pretendo a través das miñas palabras é precisamente trasladar a mesma unanimidade que houbo noutros lugares, e ese é o ofrecemento que eu, cando menos, agradezo que se puidese dar na nosa moción, pero esquecer nunha moción como a que presenta o Bloque ao Banco de España, esquecer ao FROB, esquecer ao Ministerio de Economía ou ao Goberno, como o queiran chamar, e esquecer á Comisión Europea, é simplemente como que esa instancia fose dirixida a calquera das nosas corporacións locais ou a esta entidade provincial, simplemente, e sinto dicilo, porque creo que no ánimo de todos está o buscar unha solución para quen realmente sofre o problema, pero é simplemente un brinde ao sol a unha administración que no ámbito das súas competencias non pode dar todas as solucións, alí onde pode dar, o noso Grupo quere incidir, e por iso alí onde tamén pode participar, nós aceptamos ese engadido do grupo socialista. Grazas, Sr. Presidente.

Vótase a moción do Bloque Nacionalista Galego coa emenda do Grupo Socialista:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Vótase a moción do Grupo Popular coa incorporación das emendas que fixo o portavoz do Grupo Socialista, e apróbase por unanimidade a seguinte moción:

“MOCIÓN SOBRE ARBITRAXE DE CONSUMO E CAMBIO DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS.

D. MANUEL RUIZ RIVAS, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para o seu tratamento na sesión plenaria da Corporación, ao abeiro do disposto no artigo 65 do Regulamento orgánico desta Deputación, presenta a seguinte moción sobre arbitrase de consumo e cambio de participacións preferentes e obrigas subordinadas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Provincial do Partido Popular quere amosar a súa comprensión e solidariedade coas persoas afectadas e o desexo de que recuperen canto antes os seus aforros, dos que son lexítimos propietarios.

Desde o momento no que xurde en Galicia o problema da comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas polas caixas de aforro integradas en NCG Banco, desde a Xunta de Galicia, no eido das súas competencias, tratouse de buscar unha solución para os adquirentes destas participacións preferentes e obrigas subordinadas.

Hai que lembrar que o problema non é novo e que tampouco é exclusivo de Galicia. De feito, das nove emisións vixentes de participacións preferentes, cinco tiveron lugar entre os anos 2005 e 2008. Pero, ademais, esta é unha práctica que se estendeu por toda España entre todas as entidades bancarias sen que ninguén (nin o Banco de España nin a CNMV) advertise claramente do seu perigo para os pequenos investidores ou aforradores. Tamén emitiron participación preferentes bancos e caixas como Bankia, Bankinter, Banesto, Banco Sabadell, Banco Pastor, Santander, BBVA, CAM, Catalunya Caixa, Caja España, Ibercaja, Caixabank ou Kutxa Bank.

A Xunta de Galicia non ten competencias no eido do sistema financeiro, as cales lle corresponden ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV). Non obstante, é público e notorio o esforzo feito desde a Xunta de Galicia para que a arbitrase de consumo fose unha realidade e permitise dar unha solución rápida, áxil e gratuíta a aqueles clientes que foron vítimas dunha comercialización inadecuada dos diferentes produtos híbridos, participacións preferentes e obrigas subordinadas. Desta forma, Galicia converteuse na primeira comunidade autónoma que promoveu esta vía, a pesar de que dende determinados sectores da política unicamente atopamos oposición a esta fórmula.

No momento actual, esa aposta da Xunta de Galicia pola Arbitrase de Consumo é unha realidade que está permitindo dar unha solución aos aforradores que foron enganados, vítimas dunha comercialización indebida.

É tan evidente esa realidade que a día de hoxe máis de 11.000 familias galegas xa recuperaron os seus aforros que tiñan en participacións preferentes e obrigas subordinadas, demostrándose a eficacia da Arbitrase de Consumo para resolver o problema social existente.

Percorreuse tanto camiño para a solución do problema que este grupo provincial da Deputación da Coruña entende que debe seguirse ese camiño da Arbitrase de Consumo ata o final, de xeito que todos os supostos de comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas nos que a comercialización por parte de NCG Banco fora con persoas cun perfil investidor inaxeitado se resolvan a través desta vía.

A pesar dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español consideramos que as persoas que teñen participacións preferentes e obrigas

subordinadas non poden sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos. Neste sentido, sería desexable que o Ministerio de Economía e Competitividade intercedese ante as autoridades comunitarias para que non se producisen tales quitas. E en todo caso, de ter que producirse, debe instarse ás autoridades competentes a que sexan na menor contía posible e que os posibles cambios por outro tipo de instrumentos financeiros se convertan en liquidez inmediata.

Ante todo o exposto, o Grupo Provincial Popular somete a consideración do Pleno da Deputación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.-Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB e NCG Banco a que se continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas. Para iso é necesario, e así o solicitamos da Xunta de Galicia, o incremento do número de árbitros, o incremento dos medios humanos e materiais para facilitar a resolución das arbitaxes.

2º.-Instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á Comisión Europea a que as persoas que teñen participacións preferentes e obrigas subordinadas de NCG Banco non teñan que sufrir quitas.”

Sr. Presidente

Hai presentada outra moción, que non está incorporada na orde do día, e rógolle ao Sr. Iglesias Redondo que, en primeiro lugar, se lle parece, debatemos a urxencia, por manter a moción, e despois pasamos ao debate da moción.

Sr. Iglesias Redondo

O tema da urxencia é sinxelo e é que ultimamente se coñeceron por parte dos concellos as cantidades que a Deputación destinou ás diferentes entidades para actividades culturais e aquí prodúcese unha discordancia entre conversacións que eu, persoalmente, como alcalde, tiven con vostede, e que tiveron o seu reflexo o ano pasado, que faláramos de que a alfombra de Ares fora obxecto dun recoñecemento especial en 2011, que foi nin máis nin menos que o seu recoñecemento como festa de interese turístico galego e que motivou, efectivamente, unha actuación coordinada coa Deputación que o pasado, efectivamente, tivo nin máis nin menos que o seu froito, que foi o apoio cos 4.900 euros. En todo caso este ano prodúcese, efectivamente, esa situación de discordancia, é certo que se produciu unha substitución importante a cargo da deputada que leva os temas de Cultura, e que aquí algo pasou, está claro que algo pasou porque, efectivamente, o Concello de Ares coñece a boa vontade da Deputación de atender como se merece, efectivamente, un evento que en Pontevedra lóxicamente

goza do total apoio tamén da Deputación territorial correspondente. En consecuencia, pido por favor que se emende este erro, que estou convencido que é un erro, e en consecuencia a urxencia é, nin máis nin menos, que a organización deste evento esixe, nin máis nin menos, xa empezar a traballar, e non se pode traballar sen coñecer loxicamente as achegas das diferentes administracións porque todos sabemos o que custa a flor e o que custan todos os materiais que, efectivamente, a partir de agora, xa teñen que empezar, efectivamente, a ter en conta para organizar a do 2013.

(Abandona o salón o Sr. Amor Barreiro).

Simplemente é pór no seu coñecemento, Sr. Presidente, que aquí algo pasou, porque está claro que a vontade expresada por vostede é totalmente a contraria da que efectivamente agora aconteceu, moitas grazas.

Sr. Presidente

Entendo que vostede debateu a urxencia, a moción, e todo xunto, non?, a urxencia non quedou clara, na última frase paréceme que era iso, o que pasa que como utilizou só o dez por cento da súa intervención, pensei que debatera todo. Votamos primeiro a urxencia.

Vótase a urxencia

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (16 do PP, 9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (PP – por ausentarse unha vez iniciada a deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación- art. 74.1 do Regulamento orgánico)

Sr. Iglesias Redondo

Simplemente agradecer por parte da Presidencia e por parte deste Pleno que se votase a urxencia, e por suposto agradecer en nome da vila de Ares a especial sensibilidade que acabo de ver cun evento que, xa digo, que cando, efectivamente, cumpría os 26 tivo un especial recoñecemento e, en consecuencia, entendo, nin máis nin menos, que isto vai atopar solución, e aproveito para saudar a todos os afectados das preferentes, grazas por estar aquí, eu no meu nome estou encantado de defender....

Sr. Presidente

Grazas Sr. Iglesias. Se lle parece, Sr. Iglesias, podemos dar unha quenda a todos os deputados para que saúden un a un a todos os afectados polas preferentes que están aquí.... Igual que todos, Sr. Iglesias, igual que todos. Saudamos perfectamente.

Sr. Regueira Varela

Nós imos apoiar a moción porque cremos que é de interese para a vila de Ares, e mesmo para a provincia da Coruña que ese evento conte con financiamento, o que lamentamos é que isto teña que chegar aquí en forma de moción. Nós o que propomos é que, efectivamente, como as alfombras de Ares, hai outro tipo de festas de interese turístico que, se cadra, necesitarían contar cunha liña de subvencións propia.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, Sres. deputados. A nós non nos cabe a menor dúbida de que a festa que se celebra no Día do Corpus no seu concello merece ese galardón de festa de interese turístico e así o vén referendando ano tras ano, pero eu creo que se chegou a ese recoñecemento é polo esforzo dos habitantes dese concello en facela máis grande, por tanto, eu creo que con axudas ou sen axudas municipais, non sexa vostede tan pesimista, esa festa, ou procesión, ou ofrenda floral do Corpus, non vai perecer, porque é, como lle dicía, o esforzo precisamente da xente a que a fai grande, entón as axudas veñen ben, as axudas contribúen a que ano tras ano se poida realzar. As axudas van tamén sempre moi relacionadas coas posibilidades da institución que a concede, vostede mesmo no concello supoño que terá máis dificultades das que tiña hai algún ano, pois a Deputación tamén ten algunha dificultade máis que se viu nos seus propios orzamentos, iso fixo que partidas como eran as de concorrencia competitiva, ou ben partidas destinadas a esas axudas nominativas, se visen reducidas o ano anterior, iso fixo tamén que unha festa tan interesante, que tan merecido o ten, que vise minguadas as súas axudas por parte do ente provincial. Este ano, como sabe, están abertas xa esas axudas para que poida ter esa concorrencia competitiva con outras festas de características similares, eu concordo co portavoz do Bloque que igual temos que estudar darlle algún realce, ou darlle desde a Deputación unha importancia conxunta, cun trato similar a outras festas que sexan de interese galego, que por tanto levarían implícito ese interese provincial, pero eu creo que o primeiro paso onde se ten que acudir é a esas ordes de subvención, no cal esa organización estaría en condicións iguais e similares a calquera outra asociación que traballa neste campo ou campos similares.

Vostede pide neste caso que se materialice a través do que son convenios nominativos, ben, sabe que temos aprobados o que son os orzamentos deste ano, saben as posibilidades que hai dese orzamento inicial, e sabe que normalmente as subvencións nominativas, ou gran parte delas, veñen incrementar os orzamentos municipais, vía incorporación de remanentes. Eu creo que ese pode ser o momento, o seu Concello, igual que outro concello da provincia pode, como ben sabe, ser un dos destinatarios desas axudas a través de subvencións nominativas, e non lle caiba a menor dúbida de que esta institución, este Grupo de Goberno está absolutamente identificado con esa festa, e se a través das subvencións nominativas que o seu concello pode instar a esta Deputación, como a outros concellos, será tratada con ese agarimo e compromiso que lle estou falando, por tanto deixamos aberta as dúas vías, a vía da concorrencia competitiva, que é unha vía que neste momento está aberta, e a segunda vía que cando

chegue tamén o que é esas axudas nominativas, que o seu concello poida ser o acredor a unha delas. Esas son as razóns polas que o noso Grupo non vai apoiar a moción do Sr. deputado.

Sr. Iglesias Redondo

Loxicamente isto non é de agora, isto falámolo, hai unha serie de compromisos que existen, o Concello de Ares trasladou sucesivamente á Deputación, a través dos seus diferentes presidentes a necesidade dunha subvención ao redor dos 5.000 euros, sempre se cumpriu, o ano pasado tamén se cumpriu, e en consecuencia, sorprendidos este ano recórtase a 2.300 euros, e loxicamente, como comprenderá, o gasto xa está realizado por parte da asociación, porque é a subvención correspondente loxicamente ao ano pasado. Eu si lle pediría que se tivese especial sensibilidade con este tema, creo que non é normal que un evento desta natureza que conta co apoio da Deputación en Pontevedra, cando se celebra en Pontearreas, que cando se celebra en Ares non sexa así, e en consecuencia eu, presidente, rogaríalle que, efectivamente, con esa sensibilidade que no seu día me trasladou, porque a alfombra segue sendo a mesma, o que único que cambiou foi o presidente da Deputación. Co anterior presidente da Deputación recibiamos sempre o diñeiro que era suficiente, que tampouco é tanto, para realizar este evento, e co novo presidente da Deputación se recibe a metade, digo, o evento segue sendo o mesmo e pido que por favor se teña en conta.

Sr. Presidente

Moitas grazas, será tido en conta. Como sabe vostede os orzamentos en Cultura, estou seguro que o sabe, porque tamén os votou aquí na Deputación, polo menos abstívose, sabe vostede que o orzamento destinado en concorrencia competitiva, que estou seguro, estou completamente seguro de que vostede sabe que significa concorrencia competitiva, reducíronse nestas partidas e, por tanto, é normal que en concorrencia competitiva, que vostede sabe o que significa, repito, sabe vostede que significa concorrencia competitiva, e cando hai menos orzamento hai menos diñeiro a repartir entre todas as solicitudes que se presentaron nesta Deputación. Eu sei que vostede non dubida do compromiso desta Deputación co Concello de Ares, froito del seguro que poderá lembrar vostede que xa tivo máis dunha nominativa neste ano e pouco que levamos de exercicio, cando outros concellos do Partido Socialista non tiveron nominativa e do Partido Popular tamén, por tanto non creo que vostede dubide do compromiso desta Deputación para o seu concello e para os temas importantes do seu concello, como sempre demostramos.

A continuación, vótase a moción do Grupo Socialista.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Nos pedimos que se pase o estudo económico-financeiro dos concellos da provincia da Coruña. A estas alturas aínda non tivemos oportunidade de que se nos pasase, a nós non nos gustaría ter que recorrer a outras instancias para que ese dereito que temos todos os deputados e deputadas para coñecer a realidade da nosa provincia e facer política fora un feito nesta Deputación porque ata os grandes secretos do Estado están ao dispor de representantes das forzas políticas democráticas e representativas. Nós cremos que aquí se nos dixo que poderíamos consultalo nos diferentes concellos, nos concellos tamén nos pon moitas trabas para poder consultar este estudo, é evidente que tampouco o Grupo provincial pode andar concello por concello solicitando o estudo individual de cada concello. Por tanto, reiteramos que necesitamos ese documento para facer política no ámbito desta Deputación provincial. Moitas grazas.

Sr. Soto Vivero

Rexistramos unha pregunta nesta mesma semana en relación á seguridade viaria nunha estrada de Fene, en concreto é a estrada 3503.

Na sesión plenaria do Concello de Fene do 3 de xuño de 2010, aprobouse por unanimidade de todos os grupos municipais demandar da Deputación da Coruña a implementación de medidas de seguridade viaria na estrada DP 3503, ao seu paso por Barallobre, un tramo descendente e con curvas no que se produciron graves accidentes. En virtude do exposto queremos solicitar información acerca de que se fixo ou se está facendo desde a Deputación provincial para resolver este problema de seguridade viaria nesta mesma estrada. Non sei si temos unha resposta xa.

Sr. Presidente

Evidentemente, se presentou a pregunta, non se preocupe que terá pronta resposta, non estaba incluída, eu non teño aquí a resposta para iso. E respecto da petición de información do estudo económico-financeiro paréceme que asinei onte a resposta, e teraa nos próximos días xa por escrito.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.